




ESCOITAR O MUNDO REAL FILHARMONÍA DE GALICIA TEMPORADA DE ABONO 2022-23

AUDITORIO DE GALICIA



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Ao longo da historia, o mundo no que vivimos é fonte de inspiración na arte en calquera das súas manifestacións e, desde logo, a música reflicte as circunstancias que nos rodean.

A Real Filharmonía de Galicia escolle o acaído título *Escoitar o mundo* para presentar unha programación musical que amosará todo o que nos rodea, as dificultades nas que se está movendo a sociedade actual pero, tamén, a esperanza, a enerxía e a paixón para superalas.

O programa desta nova temporada percorre o camiño destes tempos difíciles pero abre fiestras necesarias para escoitar as voces femininas que tanto teñen que dicir como as de Amy Beach, Augusta Holmes revisada por Carme Rodríguez, Clara Schumann, Louise Farrenc ou as contemporáneas Catrin Finch, Unsuk Chin e Sofia Gubaidulina, máxima expoñente dunha xeración de compositoras.

Escoitaremos pezas que nos transportarán a lugares de todo o

planeta como Arlés e Roma, a través da música de Bizet; á mediterránea Malvarrosa homenaxeando ao querido compositor Antón García Abril e a Italia na partitura da *Cuarta Sinfonía* de Mendelssohn.

Ademais a música que se interpretará nesta edición do programa de abono transita polos sentimientos que chegarán da man da poesía de Rimbaud, que tanto marcou a Britten para celebrar a emoción, a nostalxia ou amor; que tamén amosará Alban Berg nas súas *Sete Primeiras Cancións* e os textos de Clemens Brentano e Achim von Arnim sobre os que Mahler escribiu a *Cuarta Sinfonía*; o Chaikovski roto polo desamor manifesto no seu *Concerto para violín* e a mordente ironía de Shostakovich na *Novena Sinfonía*.

Un mundo estelar por descubrir chegará aos atríis da Real Filharmonía de Galicia coas pezas de Duparc, Gove e Montgomery, pero sen esquecer a música popular nas obras de Dvorak, Alun Hoddinot e Khachaturian ou esas pezas singulares que soarán no

escenario do Auditorio por primeira vez como *Taras Bulba* de Janacek, *A mansión andante* de Fazil Say ou *Tra l'acqua salata* de Xavier de Paz.

E regresan ao escenario Vivaldi, Bach, Händel, Haydn, Mozart e Beethoven, esencia mesma do repertorio da Orquestra aos que se suman Locatelli, Geminiani pero tamén Stravinski, Bartok, Elgar, Mahler e Dvorak. Rapsodias, serenatas, danzas, sinfonías e concertos reunidos para ser interpretados por novos e coñecidos directores e directoras así como por solistas emergentes e outros de longa traxectoria profesional como as galegas Helena Sousa Estévez e Alba Barreiro, o trombonista Peter Moore, a soprano Natalia Labourdette, o violinista Nemanja Radulovic, o pianista Tom Borrow, a frautista Silvia Careddu ou o clarinetista Andreas Ottensamer, que exercerá como director.

Unha programación plural, diversa e transversal que mantén a liña de deleitar formando e fortalecendo, nestes últimos anos, afianzados ciclos como Cineuropa


ou consolidando outros como as recuperadas Xornadas de Música Contemporánea, os ciclos de Lied e de piano Ángel Brage que permiten colaboracións con entidades culturais como a Asociación de amigos da Ópera de Compostela ou proxectos de investigación como o que a orquestra presentará convxuntamente co Instituto de Investigación Sanitaria de Galicia (IDIS).

Este ano marcará o fin dun ciclo, pois será a última etapa de Paul Daniel, director artístico e musical, a quen agradecemos o seu inestimable traballo durante os últimos dez anos nos que a orquestra ten colleitado os eloxios de público e crítica, consolidándose como un símbolo cultural desta cidade e de Galicia e ocupando un lugar privilexiado a nivel nacional e internacional.

Vinde *Escoitar o mundo!* De seguro gozaredes desta interesante programación.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

**REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA**
**TEMPORADA DE
ABONO 2022-23**



Escoitar! - A nova temporada da RFG é unha auténtica festa para os oídos, unha invitación a escoitar de novo a túa orquestra, a enorme variedade e os espectaculares contrastes da música que nos encanta explorar. Como sempre, na miña programación quero poñer o novo co vello, o familiar co pouco común como bo xeito de manter os nosos oídos espertos!

O concerto inaugural, no que celebraremos o agardado regreso do gran pianista e compositor turco Fazil Say, e gozaremos da estrea española da súa peza *A mansión andante* e do fermosísimo *Concerto núm. 21* de Mozart. A seguir, a orquestra interpretará unha das súas composicións predilectas, a *Sétima Sinfonía* de Beethoven. Para garantir

unha nova versión destas icónicas pezas, convidamos a un novo director, Can Okan.

Antes dese concerto, teremos dúas propostas moi especiais: os Concertos nos Barrios, nos que levaremos a nosa música fóra do Auditorio e Sensoxenoma22, un ilusionante proxecto do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago no que a RFG participa e cuxo obxectivo é o estudo científico da resposta do xenoma humano perante un estímulo musical.

Beethoven ten o seu propio mini festival na temporada. En outubro e novembro poderán escoitar as súas dúas primeiras sinfonías e o seu *Concerto para violín*, interpretado por Birgit Kolar. Non esquezan a importancia do contraste: a *Primeira*, dirixida por Joana Carneiro vén da man dun concerto de acordeón de Richard Galliano, interpretado pola solista galega Helena Sousa Estévez. Maximino Zumalave estreará nova música do

galego Xavier de Paz, convxuntamente coa *Segunda Sinfonía* beethoveniana; e Rubén Gimeno dirixirá unha peza de Unsuk Chin para acompañar o *Concerto para violín* do compositor de Bonn.

Ofreceremos máis estreas e obras contemporáneas. Presten atención a un programa ruso en novembro, cando eu mesmo dirixirei o *Poema de conto de fadas* de Sofía Gubaidulina, xunto coa *Novena Sinfonía* de Shostakovich e o *Terceiro Concerto* para piano de Rachmaninov, interpretado polo talentoso Tom Borrow. O noso amigo Timothy Brock traeranos, dentro de Cineuropa, a estrea en Europa da restauración do filme e da música de *Foolish wives* (Erich von Stroheim, 1922), con nova música composta polo propio Timothy, para celebrar o centenario da cinta.

No novo ano, poderán escoitar a outro mozo excepcional, o trombonista Peter Moore, solista da London Symphony, no concerto de Jonathan Dove, xunto

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

coa música da nova compositora estadounidense Jessie Montgomery e a *Sexta Sinfonía* de Dvořák. O concerto para arpa de Catrin Finch será interpretado por Alba Barreiro, nun programa que reúne a música do galés Alun Hoddinott e a *Sinfonía Gaélica* de Amy Beach, a primeira sinfonía dunha muller estadounidense.

En marzo, tres novas pezas de estrea, da compositora galega Carme Rodríguez, novas orquestracións de cancións doutra muller que debería escoitarse moito máis, a compositora franco-irlandesa Augusta Holmés, interpretadas por Natalia Labourdette, gañadora do concurso de canto da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago. No mesmo programa, Alban Berg, e a *Terceira Sinfonía* de Brahms, dirixida por Marc Leroy Calatayud.

E para reforzar áinda máis a importancia das mulleres compositoras, Carme Rodríguez, Sofia Gubaidulina, Catrin Finch, Unsuk Chin, Jessie Montgomery, Amy Beach e Augusta Holmés, gozaremos tamén da música de Germaine Tailleferre, e de Louis Farrenc. Xunto Joana Carneiro no podio, daremos a benvida a dúas novas directoras: a inglesa Sian Edwards e a italiana Nil Venditti.

Nesta lista de novos directores temos tamén a Jonathan Cohen, que dirixirá un programa barroco/clásico ecléctico con Vivaldi, Bach, Händel, Locatelli, Geminiani e Haydn; e a Diego Martín Etxeberria, quen nos visitará cunha descoñecida obra de Bizet, a *Sinfonía Roma*. Damos a benvida aos nosos amigos Baldur Brönnimann, Jan Wierzbá e Javier Otero.

Como cada ano, recibimos entusiasmados aos artistas que nos visitan pola primeira, sempre aportando novas enerxías e ideas aos nosos programas. O clarinete solista da Filarmónica de Berlín, Andreas Ottensamer, que tocará e dirixirá á RFG nos seus propios arranxos de Mendelssohn *Lobgesang e Cancións sen palabras*, coa *Primeira Sinfonía* de Chaikovski. cuxo *Concerto para violín* será interpretado por Jaime Naya. Será un pracer para min dirixir a gran *Serenata de cordas* deste mesmo compositor para rematar o ano e, no *Concerto de Reis*, o fermosísimo *Crebanoces*. Nemanja Radulovic volta a Compostela para tocar o *Concerto para violín* de Khachaturian; a xenial fagutista Silvia Careddu interpretará o *Concerto de la Malvarrosa* de Antón García Abril co pianista Juan Carlos

Fernández Nieto e a soprano María Hinojosa, cantará *As Iluminacións* de Britten e a *Cuarta Sinfonía* de Mahler, dirixida por Joana Carneiro.

Estes son algúns dos fitos más destacados, unha temporada exuberante, rica en contrastes, chea de sorpresas para os seus oídos. Unha temporada para todos vostedes, o noso leal e apaixonado público, un agasallo desde encima e detrás do escenario. É moi especial para min este ano no que me despido despois dos dez máis felices da miña vida musical como director titular. Deséolles todo o mellor mentres continúan a explorar a marabillosa música da súa Real Filharmonía de Galicia nos vindeiros anos.

Paul Daniel
Director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia

PROGRAMA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO
2022 -23



Setembro 2022

**PROXECTO
SENSOXENOMA22***

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Programa sorpresa

*Proxecto de investigación levado a cabo conjuntamente polo IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Galicia) e a Real Filharmonía de Galicia.

Concerto fóra do abono.



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ven 30 set
Auditorio de Galicia, 20:30 h

Sáb 1 out
Auditorio de Galicia, 18:30 h

Outubro 2022

**CONCERTOS
NOS BARRIOS**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Fragmentos de:

- Ludwig van Beethoven:
Sinfonía núm. 1 en Do maior, op. 21
- Felix Mendelssohn: Sinfonía nº 4
en La mayor, op. 90 "Italiana"
- Henri Duparc: Aux étoiles (Ás estrelas)



Mér 5 out
Centro Cultural Santa Marta, 19:30 h

Xov 6 out
Centro Comercial Área Central, 19:30 h

Ven 7 out
Igrexa de Conxo, 19:30 h

Outubro 2022

REFERENCIAS

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Can Okan, director

Fazil Say, piano

- Fazil Say: Yürüyen Köşk
(A mansión andante)*
- Wolfgang Amadeus Mozart: Concerto para piano núm. 21 en Do maior, K.467
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 7 en La mayor, op. 92

* Estrea en España

18 € Outubro 2022

A BELA MAGELONE

CICLO DE LIED

Graciela Valceva-Fierro, mezzosoprano

Maciej Pikulski, piano

Antonio Mourelos, actor

- Johannes Brahms:
Die Schöne Magelone, op. 33



* En colaboración coa Asociación de amigos da Ópera de Santiago

Ven 14 out
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...
Luis Gago
Sala Mozart, 19:00 h

Outubro 2022

18 €

XEMAS PRECIOSAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Helena Sousa Estévez, acordeón

- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 1 en Do maior, op. 21
- Richard Galliano: Concerto para acordeón e cordas *Opa/e*
- Astor Piazzolla: Anxiety, de Five Tangos Sensations
- Igor Stravinski: Suite Pulcinella

Xov 20 out

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 21 out

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Outubro 2022

12 €

POEMAS E CANCIONES

CICLO DE LIED

Maximilian Schmitt, tenor

Gerold Huber, piano

- Robert Schumann: Der arme Peter op 53. No. 3
- Robert Schumann: Dichterliebe op. 48
- Robert Schumann: Dein Angesicht op. 127 No. 2
- Clara Schumann: Ich stand in dunklen Träumen op. 13 No. 1
- Robert Schumann: Lehn Deine Wang op. 142 No. 2
- Clara Schumann: Sie liebten sich beide
- Robert Schumann: Was will die einsame Träne op. 25 No. 21
- Clara Schumann: Loreley
- Robert Schumann: Liederkreis op. 24



* En colaboración coa Asociación de amigos da Ópera de Santiago

Xov 27 out

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Luis Gago

Sala Mozart, 19:00 h

Novembro 2022

18 €

AUGA SALGADA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Jaime Naya, violín

- Xabier de Paz: Tra l'acqua salata*
- Piotr Ilyich Chaikovski: Concierto para violín en Re maior, op. 35, TH 59
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía nº 2 en Re Maior, op. 36

* Estrea absoluta

Xov 3 nov

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Maximino Zumalave

Sala Mozart, 19:45 h

Sáb 5 nov

Teatro Principal de Ourense, 20:30 h

Novembro 2022

15 €

B.S.O.

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

Foolish Wives

Director: Erich von Stroheim, 1922

Música: Timothy Brock, 2022

*Estrea en Europa da restauración desta película e da música

Xov 17 nov

Auditorio de Galicia, 19:30 h

Noviembre 2022

18 €

INSPIRACIÓN

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Tom Borrow, piano

- Serguei Rachmaninov: Concerto para piano núm. 3 en re menor, op. 30
- Sofia Gubaidulina: Fairytale Poem (Poema de conto de fadas)
- Dmitri Shostakovich: Sinfonía núm. 9 en Mi bemol mayor, op. 70

Mér 23 nov

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Xov 24 nov

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Decembro 2022

18 €

DIVERTIMENTO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Rubén Gimeno, director

Birgit Kolar, violín

- Unsuk Chin: Subito con forza
- Béla Bartók: Divertimento para cordas, BB 118
- Ludwig van Beethoven: Concerto para violín en Re mayor, op. 61

Xov 1 dec

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Rubén Gimeno

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 2 dec

Círculo das Artes, Lugo 20:00 h

Decembro 2022

15 €

SERENATAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- Antonín Dvorák: Serenata en Re menor, op. 44, B. 77
- Richard Strauss: Serenata para ventos en Mi bemol maior, op. 7
- Piotr Ilyich Chaikovski: Serenata en Do mayor, op. 48, TH 48


Xov 15 dec

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h



Xaneiro 2023

15 €

CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- Piotr Ilyich Chaikovski:
O Crebanoces, op. 71, TH 14

Xaneiro 2023

18 €

A VOZ HUMANA

Francis Poulenc: *Le Voix Humaine*

- Nicola Beller Carbone, Ela (soprano)
- Juan Pérez Floristán, El (piano)
- Luis Tausía, O insopportable medo
a morrer sós (actor)
- Rafael R. Villalobos, dirección,
dramaturxia, espazo escénico,
vestiario e iluminación



* En colaboración coa Asociación
de amigos da Ópera de Santiago

Xov 5 xan

Auditorio de Galicia, 21:00 h

Xov 12 xan

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Luis Gago

Sala Mozart, 19:00 h

Xaneiro 2023

15 €

ESCOITANDO AS ESTRELAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director
Peter Moore, trombón

- Henri Duparc: Aux étoiles (Ás estrelas)
- Jessie Montgomery: Starburst
(Estalido estelar)*
- Jonathan Dove: Stargazer (Astrónomo),
concierto para trombón e orquestra
- Antonín Dvořák: Sinfonía núm. 6 en
Re maior, op. 60, B.112

*Estrea en España

Xov 19 xan

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 20 xan

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Xaneiro 2023

15 €

PAISAXE BARROCA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jonathan Cohen, director

- Antonio Vivaldi: Concerto para cordas
en Sol menor, RV 156
- Johann Sebastian Bach: A arte da
fuga, BWV 1080: Contrapunctus VIII
- George Frideric Händel: Concerto
grosso en La menor núm. 4, op. 6
- Johann Sebastian Bach: A arte da
fuga, BWV 1080: Contrapunctus IX
- Pietro Locatelli: Concerto grosso en
Mi bemol maior, op. 7, núm. 6 "Il Pianto
D'Arianna"
- Francesco Geminiani: Concerto grosso
en Re menor, H. 143 "La Folia"
- Franz Joseph Haydn: Sinfonía núm 25
en Do maior "Le matin"

Xov 26 xan

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 27 xan

Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Febreiro 2023

XOGO DE ESPELLOS

*Unha ollada a través
da música electrónica*

CONCERTOS DIDÁCTICOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Otero, composicións,
piano e electrónica

Febreiro 2023

18 €

ILUMINACIÓNIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Maria Hinojosa Montenegro, soprano

- Benjamin Britten: Les Illuminations op. 18
- Gustav Mahler: Sinfonía núm. 4 en Sol maior

Xov 2 feb
Auditorio de Galicia, 11:00 h

Ven 3 feb
Auditorio de Galicia, 11:00 h

Sáb 4 feb
Auditorio de Galicia, 18:30 h
(Concerto familiar, prezos en pág. 29)

Febreiro 2023

18 €

DESDE GALES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Sian Edwards, directora

Alba Barreiro, arpa

- Edward Elgar: Introducción e Allegro, op. 47
- Alun Hoddinott: Welsh Dances (Danzas Galesas), Suite nº 1, op.15
- Catrin Finch: Concerto céltico para arpa e cordas
- Amy Beach: Sinfonía núm. 1 en mi menor, op. 32, "Gaélica"

Xov 16 feb
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...
Sian Edwards
Sala Mozart, 19:45 h

Ven 17 feb
Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Marzo 2023

MINI MOZART

CONCERTOS DIDÁCTICOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jan Wierzba, director

**Servicio Educativo da Casa
da Música do Porto**

Xov 2 mar
Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

Ven 3 mar
Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

Sáb 4 mar
Auditorio de Galicia, 18:30 h
(Concerto familiar, prezos en pág. 29)

Marzo 2023

18 €

A NOITE E O AMOR

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Marc-Leroy Calatayud, director
Natalia Labourdette**, soprano

- Augusta Holmès: Ludus pro patria, la Nuit et l'Amour
- Alban Berg: Sieben frühe Lieder (Sete primeiras cancións)
- Augusta Holmès: Le désir, A Trianon, En chemin. Orquestración: Carme Rodríguez*
- Johannes Brahms: Sinfonía núm. 3 en Fa maior, op. 90

*Encarga RFG. Estrea absoluta

**Gañadora do Concurso de Canto da Asociación de Amigos da Ópera de Santiago 2021

Xov 9 mar
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...
Marc-Leroy Calatayud
Sala Mozart, 19:45 h

Ven 10 mar
Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Marzo 2023

18 €

NOVIDADES

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
 Novo/a titular da RFG
Alexandra Diarescu, piano

Programa a determinar

Marzo 2023

18 €

DOS CÁRPATOS A ARLÉS

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA
Michał Nesterowicz, director
Soyung Yoon, violín

- Wojciech Kilar: Orawa
- Felix Mendelssohn: Concerto para violín en mi menor, op. 64
- George Bizet: Selección das suites Carmen e L'Arlesienne

Marzo 2023

15 €

PARÍS - ROMA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Diego Martín Etxeberria, director

- Georges Bizet: Jeu d'enfants (Xogo de nenos)
- Germaine Tailleferre: Ballet Marchand d'oiseaux (Vendedor de paxaros)
- Georges Bizet: Sinfonía Roma



Xov 16 mar
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...
 Novo/a titular da RFG
Sala Mozart, 19:45 h

Ven 17 mar
Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Mér 29 mar
Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Xov 30 mar
Auditorio de Galicia, 20:30 h
CONVERSANDO CON...
Diego Martín Etxeberria
Sala Mozart, 19:45 h

Abril 2023

15 €

TESOUROS MUSICAIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Novo/a titular da RFG

Programa a determinar

Xov 13 abr
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Novo/a Titular da RFG

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 14 abr
Círculo das Artes, Lugo 20:00 h

Abril 2023

18 €

HOMENAXE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Silvia Careddu, flauta

Juan Carlos Fernández Nieto, piano

- Antón García-Abril: Concierto de la Malvarrosa
- Johannes Brahms: Sinfonía núm. 1 en Do mayor, op. 68

Xov 20 abr
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Paul Daniel

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 21 abr
Auditorio de Ferrol, 20:30 h

Abril 2023

15 €

FLORES ITALIANAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nil Venditti, directora

- Louise Farrenc: Sinfonía núm. 2 en Re maior, op. 35
- Giacomo Puccini: I crisantemi (Os crisantemos)
- Felix Mendelssohn: Sinfonía núm. 4 en La mayor, op.90, “Italiana”

Xov 27 abr
Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Nil Venditti

Sala Mozart, 19:45 h

Ven 28 abr
**Centro Cultural Afundación,
Pontevedra 20:30 h**

Maio 2023

18 €

SONS DO LESTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Nemanja Radulovic, violín

- Aram Khachaturian: Concerto para violín
- Leoš Janáček: Taras Bulba
- Zoltán Kodály: Danzas de Galanta

Xov 4 mai
Auditorio de Galicia, 20:30 h

Ven 5 mai
Teatro Afundación, Vigo 20:00 h

Sab 6 mai
Pazo da Ópera, A Coruña 20:00 h

Maio 2023

15 €

SEN PALABRAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Andreas Ottensamer,
director e clarinete

- Johannes Brahms: Abertura tráxica
- Felix Mendelssohn: Suite de *Lobgesang*, op. 52 e *Cancións sen palabras* (arr. A. Ottensamer)
- Piotr Ilyich Chaikovski: Sinfonía núm. 1, op.13 TH 24, en Sol menor “Sinfonía de Inverno”

Xov 11 mai
Auditorio de Galicia, 20:30 h
CONVERSANDO CON...
Andreas Ottensamer
Sala Mozart, 19:45 h

Maio 2023

15 €

NOVOS HORIZONTES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Novo/a titular da RFG

Programa a determinar

Mér 24 mai
Teatro Afundación, Vigo 20:00 h
CONVERSANDO CON...
Novo/a titular da RFG
Sala Mozart, 19:45 h

CONCERTOS DIDÁCTICOS

Febreiro 2023

XOGO DE ESPELLOS

Unha ollada a través da música electrónica

CONCERTOS DIDÁCTICOS
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Javier Otero, composicións,
piano e electrónica

Xov 2 feb
Auditorio de Galicia, 11:00 h

Ven 3 feb
Auditorio de Galicia, 11:00 h

Sáb 4 feb
Auditorio de Galicia, 18:30 h
(Concerto familiar, prezos en páx. 29)

Marzo 2023

MINI MOZART

CONCERTOS DIDÁCTICOS
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jan Wierzba, director

Servicio Educativo da Casa
da Música do Porto

Xov 2 mar
Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

Venr 3 mar
Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

Sáb 4 mar
Auditorio de Galicia, 18:30 h
(Concerto familiar, prezos en páx. 29)

CONDICIÓNNS APLICABLES AOS ABONOS DA PROGRAMACIÓN ESTABLE 2022/2023

VALIDEZ DO ABONO

Os abonos poderán ser trimestrais ou anuais e serán válidos para as actividades indicadas nesta publicación.

LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá unha tarxeta de abonado/a que conterá as entradas co mesmo número de fila e butaca para todo o período de abono mercado. Poderase reutilizar a tarxeta de temporadas pasadas. Unha vez retirada a tarxeta a persoa farase responsable dela. Para os abonos individuais o Auditorio entregará un duplicado de tarxeta en caso xustificado de perda, deterioro, roubo ou destrucción. Para os abonos colectivos non se entregarán duplicados de tarxeta, en caso de solicitude dunha nova tarxeta deberase abonar a cantidad de 5 € por tarxeta extraviada.

UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico.

A tarxeta de abono que dá acceso aos concertos estará identificada nominalmente, pero isto non impide que sexa transferible a outras persoas. No caso de que o/a abonado/a non poida asistir ao concerto, poderá asistir outra persoa no seu lugar coa súa tarxeta de abonado/a.

ORGANIZACIÓN

Se por razóns de organización houbese que programar un dos concertos de abono mediante aforo non numerado, a persoa abonada, áinda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá aterse ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún derecho a esixir filas ou butacas ocupadas.

ALTERACIÓN

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír a algúm artista ou formación musical, así como cancelar calquera dos concertos programados. Calquera destes supostos non dará dereito ao reintegro do abono.

RENOVACIÓN DE ABONOS

Os días 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14 e 15 de setembro de 2022:
·No teléfono do Auditorio 981 571026, de 11:00 a 14:00 h

NOVOS ABONOS

Os días 20, 21, 22 e 23 de setembro de 2022:
·No despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 11:00 a 14:00 h
·Na Zona C, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h

ABONOS COLECTIVOS

Os días 27, 28, 29 e 30 de setembro de 2022, no despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 11:00 a 14:00 h

- Haberá 50 abonos á venda a disposición de asociación culturais e veciñais, escolas de música e centros educativos públicos. Para a compra destes abonos deberá acreditarse documentalmente a pertenza aos colectivos especificados.
- Cada entidade poderá disponer dun único abono.
- Cada abono contén catro entradas por concerto.
- Deberá adquirirse o abono para toda a temporada.
- Serán asignadas filas e butacas unha vez rematada a renovación de abonos e compra de novos abonos.
- En caso de ter máis solicitudes que abonos colectivos dispoñibles, serán adxudicados por sorteio.

PREZOS ESPECIAIS

- Descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.
- A entrada para os Concertos familiares da RFG terá un prezo de 3 euros.

MODALIDADE DE ABONOS

ABONO A

Outubro 2022 - maio 2023

25 concertos: 411,00 €
25% desconto: 308,25 €
Abono especial: 205,50 €

ABONO B. PRIMEIRO TRIMESTRE

Outubro - decembro 2022

9 concertos: 144,00 €
15% desconto: 122,40 €
Abono especial: 72,00 €

ABONO C. SEGUNDO TRIMESTRE

Xaneiro - marzo 2023

10 concertos: 171,00 €
15% desconto: 145,35 €
Abono especial: 85,50 €

ABONO D. TERCEIRO TRIMESTRE

Abril - maio 2023

6 concertos: 96,00 €
15% desconto: 81,60 €
Abono especial: 48,00 €

ABONO COLECTIVO ANUAL

500,00 €

VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada:

Preferentemente deberán mercarse as entradas en compostelacultura.gal

•Na Zona C. Punto de información cultural (Preguntoiro, 1. Praza de Cervantes). De martes a sábado de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00h.

•No despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 h antes do inicio do concerto.

MÉTODO DE PAGO

Mediante pago en efectivo ou tarxeta Visa ou Mastercard.

CRÉDITOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DIRECTOR ARTÍSTICO

E TITULAR

Paul Daniel

DIRECTORA CONVIDADA

Joana Carneiro

DIRECTOR ASOCIADO

Maximino Zumalave

FRAUTAS

Laurent Blaiteau
Luís Soto

ÓBOES

Christina Dominik
Esther Viúdez

CLARINETES

Beatriz López
Vicente López

FAGOTS

Juan Carlos Otero
Manuel Veiga

TROMPAS

Jordi Ortega
Alfredo Varela
Xavier Ramón

TROMPETAS

Javier Simó
Ramón LLátser

TIMBAL

José Vicente Faus

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de
concertino
Anca Smeu, coprincipal
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Claudio Guridi

Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya
Michał Ryczel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora
Nikolay Velikov
Samira Ajkic
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Elina Viksne
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher
Natalia Madison
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velev
Barbara Switalska
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez
Alfonso Morán
Oriol Xicart

EQUIPO TÉCNICO DA RFG

DIRECTORA TÉCNICA

Sabela García Fonte

COORDINADORA DE ACTIVIDADES

Mari Luz González Domínguez

PRODUCIÓN

Esther Calvo Vázquez

ADMINISTRACIÓN

Aurora Díaz Varela

ARQUIVEIRA

Maria del Carmen Lorenzo
Vizcaíno

UTILLEIRO

Francisco Fernández

CONSORCIO DE SANTIAGO

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Presidencia

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de
Compostela

Vicepresidencias

Maria del Pilar Paneque Sosa
Subsecretaria do Ministerio de
Facenda e Función Pública

Román Rodríguez González
Concelleiro de Cultura,
Educación, Formación
Profesional e Universidade da
Xunta de Galicia

Vocalías

Jesús Manuel Gómez García
Subsecretario de Transportes,
Movilidad y Agenda Urbana

Eduardo Fernández Palomares
Subsecretario do Ministerio de
Cultura e Deporte

Miguel Corgos López-Prado
Concelleiro de Facenda e
Administración Pública

José Antonio Constenla

Ramos

Concelleiro do Concello de
Santiago de Compostela

Marta Irene Lois González

Concelleira do Concello de
Santiago de Compostela

Secretaría

José Ramón Alonso
Fernández
Secretario do Concello e
secretario do Consorcio
da Cidade de Santiago de
Compostela

Teñen dereito de asistencia con voz e sen voto

Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio da
Cidade de Santiago de
Compostela

Juan Ramón González Carnero
Interventor do Concello e
do Consorcio da Cidade de
Santiago de Compostela

Asiste por invitación da presidencia

Goretti Sanmartín Rei
Concelleira do Concello de
Santiago de Compostela

COMISIÓN EXECUTIVA

Presidencia

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de
Compostela

Vocalías

Juan Ángel Esteban Paul
Inspector xeral do Ministerio de
Facenda e Función Pública

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Secretario xeral de Políticas
Culturais da Xunta de Galicia

Secretaría

José Ramón Alonso
Fernández
Secretario do Concello e
secretario do Consorcio
da Cidade de Santiago de
Compostela

Teñen dereito de asistencia con voz e sen voto

José Antonio Constenla
Ramos
Concelleiro do Concello de
Santiago de Compostela

Juan Ramón González
Carnero
Interventor do Concello e
do Consorcio da Cidade de
Santiago de Compostela

Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio da
Cidade de Santiago de
Compostela

Marta Irene Lois González
Concelleira do Concello de
Santiago de Compostela

Asiste por invitación da presidencia:

Goretti Sanmartín Rei
Concelleira do Concello de
Santiago de Compostela

UNIDADE ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño
Emilia Díaz Varela
Elisa González Rosendo
Jorge Sampayo Salgueiro
Mercedes Suárez Louzao
Begoña Vázquez Rodríguez

AUDITORIO DE GALICIA

CONSELLO REITOR

Presidente
Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de
Compostela

Vogais

José Antonio Constenla
Ramos
Branca Novoneyra
Rubén Prol Mariño
Mercedes Rosón Ferreiro
Goretti Sanmartín Rei

Secretario

José Ramón Alonso
Fernández

Interventor

Juan Ramón González Carnero

Director-Xerente

Xaquín López González

Persoal

David Areán Rivas
Chus Busto Castiñeiras
Santiago Cabrera Fontenla
Rogelio Fernández García
Antonio Liñares Fernández
Míriam Louzao Fernández
Carlos Marcote Antelo
José Mayo Suárez
Carlos Millán Calenti
Silvia Modia Ferreiro
Ángeles Otero Cabanas
Ana Parga Salgado
Ángela Pereira Costa
Javier Rodríguez Sanmartín
José Rodríguez Sanmartín
Antonio Vieites Balsa

ESCOITAR O MUNDO

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 (Zona C)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniaGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura



@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

CONSORCIO DE
SANTIAGO

GOBIERNO
DE ESPAÑA
CONCEJO
DE SANTIAGO

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

AUDITORIO DE GALICIA

Deputación
DA CORUÑA

C Compostela
Cultura